



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Prescripción de obrigas de pechados

Expediente: 2026/X998/000020

Esteban Ares García, Alcalde do Concello de Lousame, emite a presente resolución baseada nos antecedentes e fundamentos xurídicos que a continuación se expoñen:

Primeiro: O día 05/03/2026 iniciouse o procedemento para a declaración da prescripción de obrigas recoñecidas pendentes de pago e/ou ordenadas, detalladas pola Intervención, na súa comunicación de data 04/03/2026, por un importe total de **840,00 euros**, que poden estar afectadas polo instituto da prescripción, por transcorrer o tempo máximo previsto para a súa esixencia.

Segundo: O día 05/03/2026, emitíuse informe pola Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir; así como informe relativo ás obrigas que por aplicación do artigo 25 da LXO poderían estar prescritas, polo transcurso do prazo de 4 anos dende o recoñecemento da obriga:

Nº Operación	Fase	Data	Aplicación	Terceiro	Nome Ter.	Texto	Importe
220180008575	P	01/01/2026	912 48000	Migración 1322	BNG de Lousame	ASIGNACIÓN GRUPO POLÍTICO 2018	840,00

Terceiro: O artigo 25.1 da Lei Xeral Orzamentaria, de xeito específico para as obrigas a cargo das Facendas Públicas, establece que prescribirá aos catro anos:

b) O dereito a esixir o pago das obrigas xa recoñecidas ou liquidadas, se non fose reclamado polos acredores lexítimos ou os seus dereitohabentes. O prazo contarase desde a data da notificación, do recoñecemento ou liquidación da respectiva obriga".

Cuarto: O prazo de prescripción comeza a contarse, desde a data de recoñecemento da obriga, transcorrendo máis de 4 anos, xa que se trata de operacións do exercicio 2018.

Quinto: Non consta ningunha acción por parte dos acredores, que de acordo co artigo 1973 do Código Civil, puidesen supoñer a interrupción do dito prazo de prescripción.

Á vista do anterior, e no cumprimento do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común

RESOLVO:

Primeiro: Someter o expediente a un trámite de audiencia, durante o prazo de dez días hábiles, a fin de que as persoas interesadas poidan comparecer no mesmo aos efectos de alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes. Este trámite de audiencia será publicado no BOP e Taboleiro da sede electrónica.

Segundo: Instruído o procedemento, sometelo á resolución do Pleno Corporativo.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, polo Alcalde, Esteban Ares García; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).